

GALICIA SOCIALISTA



VOCEIRO DO
PARTIDO
SOCIALISTA
GALEGO



NUMS. 4-5. FEBREIRO-MARZO 77

OS FRENTES DE TRABALLADORES GALEGOS

O FRENTE OBREIRO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO PROPON A CREACION DUNS
"FRENTES DE TRABALLADORES GALEGOS" QUE ESTEAN POR UNHA UNICA

"CENTRAL SINDICAL GALEGA"

Pra nós, traballadores galegos que plantexamos a cuestión sindical no marco máis amplo da loita pola conquista dos nosos dereitos nos planos económico, político, social e cultural, pra conquistar a transformación da sociedade capitalista nunha sociedade socialista autogestionada, na que os medios de produción pasen a ser propiedade dos traballadores, o sindicalismo galego ten que pasar polos puntos seguintes:

1º. SINDICALISMO DE CRASE: Concebimos a loita sindical no marco dunha loita de crases, que debe relacionar constantemente a explotación de que os traballadores somos oxeto coa situación nosa na sociedade, convertíndose nun amplo proceso de transformación da mesma por medio do cal os traballadores fagámonos coa propiedade dos medios de produción. Mentras a explotación exista, a loita de crases manifestaráse a cotío na loita reivindicativa nos planos antes espostos; esto é, económico, político, cultural e social, afondando nas contradicións do sistema capitalista, neste caso un Estado cen-

tralista e burgués, verdadeiro sostén do sistema en vigor, que mantén ao proletariado galego nunha explotación colonialista.

2º. SINDICATO UNICO: Consideramos que pra facer frente ao capitalismo -- burgués e ao capitalismo do estado, os traballadores temos que buscar a nosa unidade, e esta conséguese ao traveso dunha organización única e forte. Esta pódese conquistar por medio dun Sindicato Unico ou ben por medio de que as distintas correntes sindicais busquen esa unidade polos pactos de acción.

Calquera das dúas opcións ao final rematan ou deben rematar no Sindicato Unico. Agora ben, pra a formación do Sindicato Unico conquistado ao traveso dun Congreso Constituínte o proceso é breve, mentras que no proceso da unidade pola acción, aparte de ser longo ten o problema de non poder chegarse a el debido a que ao Capitalismo interésalle a pluralidade sindical e poñerá toda a súa forza en conseguila, aprofundando as diferencias ideolóxicas das centrais, aproveitándose das contradicións das mesmas.

editorial:

Estamos ante un feito consumado: hoxe por hoxe, a reforma impúxose á creba democrática. A reforma, a necesidade interna do sistema. En vez da creba democrática, a necesidade dos pobos do Estado español. Velá a -- gran diferenza. O franquismo non foi outra cousa que a forma autoritaria a despótica, a forma feixista e ditatorial, que revestiu o poder do bloque dominante durante corenta anos, con lenas variacións sucesivas de matis, nas institucións políticas do Estado español. E que significou formas abafantes de anoballamento praos pobos dos seu ámbito, formas estre- mas de explotación praos traballadores, formas brutais de represión pra-

→
 quenes loitaron polas liberdades durante toda esa longa noite mouro da -
 nosa historia recente. Pra Galicia significou emigración, espoliación, sub-
 desenrolo, colonialismo e abafamento da súa cultura e do seu idioma. Si-
 nificao aínda. E ten moitas probabilidades de seguir a significalo, porque
 o franquismo está aí, inda que muden as súas maneiras.

Agora os lobos e as víboras fanse democratas e van concorrir ás elei-
 cións con tódolos recursos de manipulación nas mans. Intactas as estru-
 ras antidemocráticas de poder local, incólumes os resortes do caciquismo,
 inmunes os responsables da corrupción: velaí a equidade do plantezamen-
 to reformista, a neutralidade das regras de xogo. Todos a correr, e se-
 andamos listos e somos ben guiados, respetaránnos se cadra o dereito a-
 falar - con reparto discriminatorio de megáfonos, naturalmente.

Ante esta situación, compre ter ben craro que a loita desigual que se
 vai entablar enfrontará aos democratas de boa lei - os que loitamos du-
 rante decenios pola democracia e as liberdades - cos oportunistas e cama-
 leóns de todas castes - os filisteos que aínda onte denigraban a democrá-
 cia e firmaban penas de morte contra os resistentes á tiranía. Compre ter
 ben craro, noutras verbas, que as forzas democráticas débense xuntar pra
 impedir que o triunfo coiuntural da reforma - e polo tanto da pseudodemo-
 cracia - se convirta en triunfo duradeiro da dereita franquista - ou fra-
 guista, tanto ten - e continuación do mesmo estado de cousas con aduio-
 suedodemocrático. Compre ter ben craro, en fin, que Galicia precisa que-
 se defenda a súa identidade nacional nesta batalla, pra que o pobo traba-
 llador galego, explotado e colonizado, teña a oportunidade de dispoñer-
 dos instrumentos políticos precisos pra encetar o labor da súa libera-
 ción, como pobo e como crase: os instrumentos do seu autogoberno.

Soio así os galegos venceremos ao cabo. Soio así contribuiremos a que
 o triunfo da reforma sexa episódico, e que en definitiva se consume a cre-
 ba democrática: a apertura dun proceso constituinte, tanto a nivel gale-
 go coma do Estado español, que liquide a superestrutura política constru-
 ida contra do noso pobo e contra de tódolos demais do Estado. Esa é a gra-
 ve responsabilidade que teñen sobor delas as forzas da oposición democrá-
 tica que se reclaman galegas.

Eis por qué o PSG está a loitar pola constitución dun fronte electoral
 federalista, ou seña, un compromiso electoral de forzas que se solidari-
 cen na defensa dos intereses nacionais galegos - que son os do pobo tra-
 ballador de Galicia - loitando por un artellamento federal do Estado espa-
 ñol no que Galicia acade formas de poder político en pé de igoaldade cos-
 demais pobos dese Estado. Velaí tamén seguramente por qué un feixe de in-
 teleituais democratas e patriotas galegos se pronunciaron nun senso moi-
 semellante, inda sin a precisión e a definición específica dunha formula-
 ción partidaria. E velaí, en fin, sin dúbida por qué media duzia de orga-
 nizacions políticas galegas da oposición democrática acabamos de contraer
 públicamente un primeiro compromiso de defensa deses mesmos oxetivos.-
 Compre que tódolos democratas galegos o comprendan e se xuntan nesa loi-
 ta común.



OS FRENTE...

3°. AUTONOMIA SINDICAL: Nós entendemos que o sindicato ten que desenvolver a súa propia estratexia política, posto que a súa resolución dos problemas económicos non vai solucionar o problema de fondo dos traballadores, que é como se dixo anteriormente a eliminación da explotación do home polo home e polo sistema. Agora ben, se a política a desenvolver vai estar marcada ou responde en todo momento á política dun partido determinado, a loita sindical quedará mediatizada en función dos intereses ou condicionamentos políticos dun partido, convertíndose en correa de transmisión dese partido; polo tanto coidamos que é tarefa fundamental dos traballadores evitar que isto ocorra, non soio con respecto aos partidos senón tamén do Estado e outros poderes.

Como base desta autonomía propoñemos que os cárgos sindicais sexan incompatíbles con calquera tipo de representación pública da Administración dos partidos ou institucións relixiosas. Coidamos sería o primeiro paso pra unha verdadeira autonomía do sindicato.

4°. SINDICATO GALEGO: Consideramos que o sindicalismo dos diferentes pobos do Estado español, tense que desenvolver de acordo coa situación política económica e social de cada un deles; e polo tanto estratéxica, táctica e ideolóxicamente, teráse que facer en función das diferentes situacións de cada pobo.

Polo tanto, de cara a Galicia o sindicalismo que temos que desenvolver ten que respostar á nosa situación de pobo colonizado, o cal fai que este sindicalismo sexa diferente ao dos demais pobos e que a resposta se teña que reflexar na creación dunha CENTRAL SINDICAL UNICA GALEGA, que se artelle a nivel de Estado por un pacto coas demais Centrais dos distintos pobos que o compoñen, no que a autonomía de cada unha das Centrais sexa respetada, pra poder dar a resposta máis axeitada na loita contra o Capitalismo Multinacional, que ten distintas formas de actuar en cada pobo.

5°. SINDICATO DEMOCRATICO: Ademais de ser a postura congruente coa concepción democrática do Socialismo que mantemos, ocorre tamén que a unidade desexada esixirá un proceso de debate e confrontación dende a base, no que se resolverán as contradicións internas dos traballadores, reflexadas en distintas tendencias ideolóxicas, que se

deben respetar aínda no Sindicato Unico. Agora ben, pra garantir a unidade do Sindicato hai que desenvolver --- unha plena democracia sindical, o que significa que:

A.- A Asamblea é o órgano soberán do Sindicato: Pra que o Sindicato sexa democrático é fundamental que os problemas que nos afectan aos traballadores sexan discutidos e se tomen as decisións polo conxunto dos traballadores.

Pra que a Asamblea de traballadores sexa soberán ten que estar plenamente informada, participar activamente e maioritariamente na discusión dos problemas e responsabilizarse das decisións adoptadas.

Débense potenciar as Asambleas a todos os niveles pra aumentar o grado de formación, participación, responsabilización, e crear así unha práctica asamblearia que ao final do proceso rematará coa formación de Asambleas que serán Soberáns e Democráticas, posto que as decisións serán tomadas por membros formados, informados, responsables, e que vencellarán a todos os traballadores por ser tomadas pola maioría dos membros.

B.- Elexibilidade e Revocabilidade dos Cárgos Sindicais: Todos os cárgos sindicais serán elegidos dende a base, e poderán ser revocados en calquera momento en que os sectores aos que eses cárgos representen así o esixan.

C.- Reconocemento das diversas tendencias: As distintas tendencias ideolóxicas terán dereito a expresarse en todos os niveles en que se encontren, tendo que respetar as decisións maioritarias cunha plena disciplina na acción acordada nas diferentes asambleas de base.


.....

Por todo o devandito, coidamos necesaria e propoñemos a creación duns FRENTE DE TRABALLADORES GALEGOS que plantexen unha corrente de opinión e leven a todos os traballadores galegos estas inxerencias pra que coa crítica, a discusión e a participación de todos, poida artellarse este Sindicato.

Frente Ubreiro do P.S.G.

Xaneiro de 1.977

AS MEDIDAS ECONOMICAS DO GOBERNO



Diante do Plan de Aituacións Económicas recentemente promulgado polo goberno, - o Partido Socialista Galego (P.S.G.) considera necesario facer públicas unha serie de consideracións inmediatas, en canto que estas medidas repercuten dun xeito específico sobor das crises traballadoras galegas.

1. Estas medidas económicas non fan máis que reforzar o modelo de crecemento que - se ven dando no Estado español, e no que Galicia é a socia probe. Tan é así que se intenta controlar os prezos dos produtos básicos e manter os salarios estacionados, de xeito que o peso destas medidas recaí conxuntamente en Galicia, sobor das costas dos labregos e dos obreiros, debilitando aínda máis as súas defensas fronte á inflación.
2. O feito de que con estas medidas se intente estimular aínda máis as remesas de emigrantes, confírmanos aos galegos na necesidade dunha planificación económica axeitada ás nosas necesidades e non ás alleas.
3. A política de liberalización na instalación, ampliación e traslado de industria témemonos que rematará por encher a xeografía galega de proxectos de industrialización contaminante, máis destrutora que creadora de postos de traballo.
4. A política laboral que se impón non é máis que a continuación da iniciada no outono pasado coa suspensión do artigo 35. Limitar as facultades do "Ministerio de Trabajo" en materia de condicións mínimas de traballo por rama de actividade, modificar a normativa legal sobor da contratación colectiva, e, sobor de todo, liberalizar a aítual situación lexislativa en materia de despido colectivo, regulando a facultade das empresas na restructuración das plantillas, representa - un paso adiante dunha política laboral que ameaza seriamente a seguridade i estabilidade do posto de traballo de cada quén, e polo tanto os intreses globáis - das crises traballadoras.
5. Estas medidas non atacan os problemas de fondo que plantexa hoxe a situación no Estado español, senón que, máis parece, téntase poñerlle un parche cara ás eleccións. Parche que, como sempre, acaban por pagálo as crises traballadoras.
6. Coidamos que os problemas económicos, sociais, políticos e culturais que hoxe - ten plantexados Galicia non se solucionan coa elaboración dun programa de inversións públicas rexionalizado, tal e como propoñen as medidas económicas do goberno, senón que requiren unha planificación democrática, que soio pode realizarse a traveso dun goberno galego.

Algúns comentos encol dun libro de Santiago Alvarez

MOISES XABRE

Marx fixo moito fincapé en prevernos fronte á aparencia das realidades sociais. Teimosamente insistiu en que por debaixo dos fenómenos aparentes había un tecido de relacións, unha estrutura na que compría penetrar para comprendémos e interpretámos con acerto a realidade. Que o contrato de traballo entre homes libres encubría unha relación de explotación. Que o "fetichismo" da mercancía daba unha aparencia de relacións entre ouxetos - ao que era manifestación dunhas relacións sociais de produción e distribución. Cousas, todas elas, que hoxe constitúen verdades elementais ben sabidas, pro que non son máis que resultados da aplicación dunha aitude científica e dun método que, ás veces, déixanse en troques esquecidos prao análise de fenómenos que non están no repertorio convencional dos breviarios marxistas. En realidade, esa aitude e ese método esquecénselle sempre que non se distingue a codia do cerne, e porque o piñeiro ten casca por fora cóida se que por dentro é casca tamén.

Algo desto é o que ocorre cando Santiago Alvarez, nun libroño recén publicado (1), arremete contra os que coidan -coídamos- que Galicia é unha colonia. Arremete nun tono -dito sexa de paso- un tanto fachendoso que ben esixiría, non pra se xustificar, senón polo menos pra ter en qué apoiar, algo máis de rigor e sustancia nas páxinas que adica ao tema.

Que Galicia sexa ou non unha colonia como o foron Angola ou Mozambique non depende de que os galegos non sexan negros de pel - do mesmo xeito que non depende de que os galegos sexan ou non unha raza, na estrita definición etnográfica do concepto, que haxa ou non un racismo interior en Galicia. -- Nin depende de que a metrópoli "esplota" á colonia fora ou dentro das fronteiras dun Estado. Nin de que Galicia non estea no continente africano. Nin de que en Galicia frolecera unha cultura de estirpe europea. Nin de que perduren ou non nun caso ou noutro estruturas tribais. Pola sinxela razón de que nada de eso é determinante pra definir unha colonia. E por eso non pode

ser relevante tampouco pra ver a Galicia como un caso "diferente do dos pobos coloniais" -se por pobos coloniais se pretende entender "colonias".

Que "os pobos de Angola e Mozambique sufriron a opresión portuguesa dende hai cinco séculos" é certo. Como o é que o pobo galego sufriu a opresión castelán dende hai cinco séculos -casualmente- tamén. Poisque no XVI, no XVII e aínda dempoís era unha opresión especificamente castelán, da coroa de Castela - e que os mosteiros de Valladolid que zugaban as rendas dos galegos e impedían o establecemento de "estudios" neles ou o uso do idioma noso - non eran precisamente o Estado español. E mesmo pode decirse que é unha opresión máis antiga - pesia que a duración, neste, sexa o de menos. Porque - aínda que o final do XV marque o comezo dunha nova situación, tamén sinala a culminación dun proceso que viña debendo atrás: o vaciado de contido político do "reino de Galicia", a privación do voto en Cortes -nas de Castela, claro, que as galegas non as había xa-, a castelanización da nobreza, a marxinalización oficial do idioma.

Que "a opresión colonialista non soio se manifesta no aspecto político-senón económico e social" é algo que non ten volta. Mais, ¿e non é así en Galicia? ¿Non padece Galicia opresión "no aspecto económico e social"? E incluso, se falamos de quenes son os donos das terras e riquezas da colonia - como fai S. Alvarez - ¿non acabaron sendo os donos das terras galegas os mosteiros casteláns, a nobreza castelán, ou a nobreza ausentista castelanizada e cortesán en Madrid ou Valladolid? -- ¿Quén goberna aínda hoxe o Mosteiro de Oseira? ¿Quén é aínda hoxe o dono do Pazo de Oca, ou do de Meirás? ¿Quén era o dono do Pazo de Castrelos - perdón: do parque "Quiñones de León"? ¿Non é dona a Rosenthal do caolín de Burela, e a Río-Tinto-Patiño de de Vimianzo, e máis do cobre de Touro? ¿Quén é dono da rede de represas hidroeléctricas do sistema do Sil? ¿Quén mercou por unha cifra ridícula o Banco do Noroeste? -- ¿Quén roubou os montes de veciños?

Que a "regulación estrita do proceso de comunicación" é un tema que se trata de regular e controlar a través da Hemeroteca General CEDOC.

so económico, tendente a que a colonia non produza mercaderías en contradición coa metrópoli e, por tanto, a manter en xeral a súa economía infradesenvolada" é un feito colonial, non ten dúbida. É o caso galego ilústrao. Que estean "as relacións de comercio exterior reguladas pola metrópoli en réxime de absoluto dominio" tamén é un feito colonial, e o caso galego ilústrao tamén. Que existan "antre a metrópoli e a colonia dous sistemas aduaneiros: o da segunda e o da primeira, ambos dirixidos por aquela", é cousa que no caso galego está levado ao límite: prohibición á colonia de calquer caste de sistema aduaneiro propio e sumisión total ao da metrópoli. E non estou a facer caricatura, porque se a gandeiría galega -por poñer un exemplo- puidera terse surtido dende o XIX no mercado internacional de graos, como fixo a da nesa daquela, en vez de aturar o proteccionismo cerealista do sistema aduaneiro español establecido pra o monocultivo castelán, moi outra podería ter sido, se cadra, a realidade actual do noso sector agrario. Como non é caricatura soste a aplicabilidade ao caso galego desta afirmación: "Os sistemas políticos e de goberno das colonias... son sempre impostos pola metrópoli". Ou se non, ¿é que temos sistema político e de goberno propios os galegos? Certo que toda nación oprimida atura o sistema político da nación dominante, máis entón non val o dato como específico da colonia.

O que non se ten de pé é mesmamente concluir de todo o devandito que "é craro que se trata dalgo "diferente" do caso de Galicia", e que a diferenza estriba en que "nós non somos unha colonia". Sorprendente. Curiosa e sorprendente maneira de tirar unha conclusión a contrapelo dos argumentos aducidos. Máis sorprendente cando a continuación se afirma que "os que son incapaces de esforzarse por analizar a nosa propia realidade, tenden a sustentar dito análise, o dos feitos, principio elemental do marxismo, por elucubracións non materialistas, metafísicas, e cando recurren a vellos textos marxistas os interpretan coma un dogma realizando arreo transposicións mecánicas..." etc. Curiosa e sorprendente maneira de autodefinirse.

Porque, ¿ónde está a transposición mecánica? ¿En esculcar no concepto de colonia pra comprobar se resulta ou non definidor da realidade galega e concluir afirmativamente, ou en utilizar pra política galega poñamos por

caso o modelo italián porque a nosa -- Terra está no continente europeo? E -- ¿ónde está o rigor analítico marxista? ¿En concluir que, ao marxe das diferenzas naturais antre casos específicos distintos, Galicia amosa os caracteres dunha colonia, ou en negar que Galicia sexa unha colonia por non estar no continente africano ou ter unha cultura diferente da dos pobos asentados nese continente? As analoxías que se adoitan empregar a efectos de divulgación non poden dar pé a acusacións de "incapacidade" analítica que ao cabo se volven contra do acusador. Ninguén, que eu seipa, afirmou nunca que Galicia é igual a Mozambique. Como tampouco a ninguén que eu seipa, salvo ao autor do texto comentado, se lle pasou polo maxín afirmar que porque Galicia non sexa igual que Mozambique se poda concluir que Galicia non é unha colonia.

O que compre máis ben preguntarse é se os conceptos de "explotación de crase" e de "opresión nacional" abondan pra dar fielmente conta da estrutura da formación social galega, da súa forma de inserción dependente no eido do Estado español, e das leis de movemento que caracterizan o proceso do seu acontecer histórico. Eu coido que non, que non abondan. E que compre botar man, pra completar o lenzo e a interpretación en profundidade, das categorías elaboradas pra definir os feitos coloniais.

E semella que o autor do referido texto, andando unhas páxinas adiante das que acabo de comentar, ten un trasacordo e pásase a esta banda. Porque afirma "que Galicia é vítima" dun "colonialismo interior". Novo abraio. Primeiro, porque mesmamente concepto de "colonialismo interior" é menos nido, está menos unívocamente definido, e dende logo, moito menos elaborado con categorías marxistas do que o concepto de colonia a secas. E segundo -e sobre todo- porque ¿cómo pode ser Galicia unha colonia "interior" sin ser una colonia?

Santiago Alvarez caracteriza a colonia interior "esencialmente pola desigualdade dos intercambios comerciais e por outros factores", referíndose "a un sistema de relacións económicas de Galicia co resto de España fundamentalmente desigual". O Emmanuel ten moito que aprender: non se decatara de que o que el definira -non deste xeito superficial e descritivo, por suposto- non era o fenómeno do intercambio desigual, que de modo xenérico se dá an-

tre centro e periferia, senón que concretamente a "colonia interior". Craro que ao millor o Emmanuel fai "transposicións mecánicas" e "elucubracións metafísicas", e por eso traspón indebidamente a un plano de abstracción inadecuado o que é específico e definitorio do "colonialismo interior".

Ocorre nembargantes -os feitos son testaláns- que as diferencias antre -- "colonialismo interior" e colonialismo a secas non se dan tanto na esfera económica coma na xurídico-política e na ideolóxica: que non son tanto de orde económico coma de orde superestrutural. E que aínda que así non fose -que o é- a condición de "colonia" supón unha -- opresión combinada nos planos económico, cultural e político, unha situación que se consuma ao traveso, conxuntamente, das esferas económica, xurídico-política e ideolóxica. E que, por conseguinte, non se pode definir unha colonia en función somentes de relacións económicas -inda que estas sexan determinantes. Tampouco, xa que logo, unha colonia "interior" -como fai Santiago Alvarez. Os rasgos que enuncia -- non son específicos do colonialismo interior, senón en todo caso (i en unión de outros) do colonialismo sin máis. E inda son comúns a moitas formas de artellamento de modos de produción precapitalistas co capitalista que non son -- escrusivas do feito colonial. Incluso se botan de ver en determinadas formas de inserción de economías rexionais en estruturas máis amplas, cunha dinámica de desenvolvemento desigual, que non -- constituen nin opresión nacional, nin feitos coloniais propiamente ditos, -- nin artellamento subordinado de modos de produción precapitalistas. Como pode ser se cadra o caso andaluz. E como non é dende logo o caso galego.

Outra cousa é que, na dimensión -- histórica, compra distinguir o colonialismo clásico do contemporán. Como compra distinguir, noutra dimensión, os -- elementos esenciais prá definición do colonialismo, sin máis (como categoría), dos rasgos específicos que cada situación colonial amosa con carácter diferencial. Ou seña, compre saber en cada caso a qué nivel de abstracción ou de concreción nos movemos cando definimos o feito colonial ou cando subsumimos unha realidade específica na -- teoría do colonialismo. Como acontece, ao noso ver con Galicia. Mais entrar a fondo neste é grao pra outra muñada.-

Soio se pretende eiquí chamar a atención encol dunha toma de posición que parece demasiado rotunda e infundadamente adoutada con relación a unha cuestión crucial prao tratamento político dos problemas de Galicia.

MOISÉS XABRE



ENGOL DA LEGALIZACION D

A chamada Comisión Negociadora da Oposición deixou nas mans do Goberno a máis omnímoda liberdade pra legalizar selectivamente a aqueles partidos que sirvan aos propósitos básicos da Reforma, relegando aos demais á ilegalidade.

É decir, todo o contrario do que aparentemente se pretendía: lembremos o lema que tantas veces invadiu a -- rúa, nos tempos en que a oposición in-- da facía manifestacións "Partidos sin exclusións".

Inda hai máis. O P.S.O.E.(r) alporízase a ameaza, non pola marxinação dalgún partido, senón precisamente pola súa legalización: a do P.S.O.E.(h), partido que, mal que ben, existía na ilegalidade, cúa supervivencia dependerá da profundidade da súa loita peculiar, e non debe depender dos favores ou desfavores do Goberno, e que -- si nos poñemos a invocar a confusa e -- amañada lexislación sobre de partidos políticos ou a idea igoalmente artificiosa de lexitimidade histórica -- ten -- máis títulos pra reivindicar as siglas de Pablo Iglesias que o sector reconstruído baixo o liderato de Felipe González.

Pero non paran ahí as anécdotas curiosas deste período.

Dos partidos que pertencen á F.P.S., sexa de pleno dereito, ou sexa -- como o P.S.G. -- como observadores, somentes foron legalizados, na data en que se redacta este artigo, o P.S.C. e -- máis Convergencia Socialista de Madrid organizacións que se caracterizan polas súas espléndidas relacións co P.S.O.E.(r). Os demais -- incluído o P.S.G. -- polo visto, non saben redactar unha -- norma estatutaria sin incurríren nunha chea de defectos formais, que impoñen a subsanación, con suspensión de prazos. Téñese dado xa o caso de algún destes partidos descubríronselle novos defectos subsanables despois de teren completado as circunstancias sinaladas de primeira intención pola resolución ministerial.

Parécenos evidente que tan alambicada operación ten o designio de permitir ao P.S.O.E.(r) que aproveite estas semanas -- si o considera políticamente -- realizable -- pra inscribir en cada territorio nacional ou rexional un P.S.O.E. improvisado con marchamo valenciano, vasco, andaluz, galego....

Lamentablemente, hai algo máis que indicios:

O PARTIT SOCIALISTA DEL PAIS VALENCIA, que ten a súa orixe na década dos sesenta baixo o destacado patrocinio de Vicent Ventura, foi postergado e advertido de que, ao completar a súa documentación, aportara outra denominación, "pra non inducir a confusión coa do PARTIDO SOCIALISTA VALENCIANO (PSOE) que, no entanto, conquisara a súa legalización.

O caso do PARTIDO SOCIALISTA VASCO E.S.B., de certa tendencia socialdemócrata, é aínda máis pintoresco. O EUSKAL SOZIALISTA BILTARREA chegou a ser legalizado e notificóuselle a súa inscrición. Ao día seguinte, mediando -- certas conversas no Ministerio da Gobernación, remitíuselle un novo oficio polo que se lle daba conta de que a notificación fora errónea e debía considerarse sin efecto. Entre as motivacións da suspensión figuraba unha certa ambigüedad semántica, posto que, -- asegú o Ministerio, a palabra euskera "biltzarrea" non quere decir ben "partido político", ou "partido", senón -- que pode significar "grupo", "agrupación", ou mesmo.... "rebaño".

Pois ben, cando se utilizan posicións de privilexio na Comisión Negociadora e axudas de instancias estranxeiras, pra desbancar a partidos nacionais e rexionais, pulsando os máis arbitrarios resortes do despotismo central, falar da unidade dos socialistas, como un servizo imperioso aos pobos de España, apelando emocionalmente a -- unha opinión pública desinformada é -- simplemente unha proba de hipocresía.

Nós agardamos sinceramente que as bases do P.S.O.E.(r) en Galicia teñan a lucidez necesaria pra comprender que estes procedimentos de eliminación do competidor, en política, non son lícitos nin siquiera de cara ao adversario, e non digamos fronte ao aliado, fronte ao compañeiro de loita.

Nós agardamos sinceramente que as bases do P.S.O.E.(r) en Galicia se separen de toda proclividade sucursalista e deixen enteiramente o peso da súa responsabilidade moral e política a -- aqueles membros da dirección central do Partido aos que se deban tan habelenciosas operacións.

Polo demais, o sistema agallado polo Goberno é, cando menos, risible.

OS PARTIDOS POLITICOS

A legalización debe producirse nos dez días seguintes á presentación duns simples estatutos (claro que o Goberno pode dilatar indefinidamente a inscrición dalgúns partidos, significándolles defectos subsanables, é dicir, dándolles leccións de Dereito). Agora ben, o Goberno, aplicando a súa óptica democrática de toda a vida, pode presumir a ilicitude penal da organización icon base no simple contido duns estatutos, porque a Lei de xunio non autoriza outra cousa, e daquela remitirá a documentación á Sala 4ª do Tribunal Supremo (ique non está adicada á materia penal, senón á contencioso-administrativa). Pra descubrir deica qué punto é irónico o procedemento, falla por -- dicir que, no caso de que o Tribunal Supremo confirme a presunción de ilicitude penal, non ten máis remedio que -- pasar o tanto de culpa pra que os promotores ou dirixentes (e cantas máis -- persoas veñan públicamente vencelladas á organización) sexan procesadas e acusadas diante da xurisdición penal ordinaria. É dicir, que, en boa técnica: -- ou legalidade, ou cadea.

Iste é o brillante resultado dos esforzos da Comisión Negociadora, tamén chamada nalgunha historieta gráfica, -- Comisión Suplicadora.

Non nos chamemos a engano. Dende o intre en que foi aprobada a Lei de Reforma política, o Goberno viña compeli do a convocar elcións xenerais e non -- tiña máis remedio que legalizar aos -- partidos políticos. Limitar a legalización pola súa banda a unha Alianza Popular e a un Centro Democrático deixan do aos demais na ilegalidade, non lles resolvía absolutamente nada ao Goberno Suárez. Suárez estaba ao fronte do Goberno pra non repetir os fracasos de -- Arias. É dicir, non pra instrumentar a "apertura", senón pra levar adiante a "reforma".

Nestas condicións, o Goberno podía outar ou pola legalización de todos os partidos políticos sin exclusión, ou -- pola legalización dos comprendidos naquel espectro que acreditara un mínimo de pluralidade asegún os baremos da -- opinión pública interior e exterior, o que comprende ao P.S.O.E. e máis o P.C.; pero exclúe aos partidos que están a -- esquerda diste e non inclúe necesariamente a certos socialismos "alotrópicos" que non se cotizan en Alemania.

A Oposición tiña na súa man unha -- carta de eficacia inequívoca: anunciar, contraendo un compromiso público e, p -- lo tanto, solene, que ningún partido -- democrático se presentaría ás elcións sin a previa legalización de todos os -- partidos e sin que mediera, dende a -- súa legalización deica as elcións, un -- período de tempo suficiente pra o seu -- debido rodaxe.

Esa era a negociación que nos comp -- ría e, pra facela, non había que en -- trar na Moncloa e podíanse aforrar mo -- tos cartos dos billetes de avión a Ma -- drid.

O desenrolo dos feitos demostra -- que a negociación levóuse conforme aos -- intreses dos sectores que estaban di -- reutamente representados nelas. É unha -- verdade crúa, pero que salta á vista.

O P.S.G., com partido democrático -- e popular, ten que loitar pola legali -- ción de todos os partidos, tanto si -- el mesmo ingresa de esguello na legali -- dade, como si queda fora; pero na súa -- loita non pode marxinar ou esquencer -- as esperencias diste intre e os dife -- rentes niveis de lealtade dos que se -- atopan na loita pola liberdade.

AVELINO ABILLEIRA

19 DE MARZAL DE 1.977

A FOLGA DOS P.N.N.

Os P.N.N., traballadores do ensino, a primeiros deste ano víronse novamente obrigados á folga como único medio posible de defensa diante dos atropellos da Administración. Os mestres xa tiñan entrado en folga tamén a fins do 76.

O goberno Suarez, que se presenta como un goberno de transición, como un goberno que, de ningún xeito, debería hipotecar o futuro de cantos lle han de seguir está, dende logo, a facelo de cotío. No eido do ensino os decretos-lei saen a mancheas e, froito deles e da súa irracionalidade, os conflitos sucedense en tódolos sectores dende a EXB á Universidade pasando polos Institutos, Escolas Universitarias de EXB, Escolas de formación profesional, etc.

O conflito dos PNNs ten, como non, a causa de sempre: a esixencia dunha estabilidade controlada no emprego como dereito de todo traballador. Os PNNs, procedan xa de Institutos, Escolas ou Colexios Universitarios, Escolas de Formación Profesional ou da Universidade mesma, carecen da mínima estabilidade no seu posto de traballo. Todos eles son contratados temporalmente e a súa contratación ten unicamente carácter administrativo, deixandoos en descuberto fronte de calquer arbitrariedade. Non teñen dereito a un seguro de desemprego, situación que padecen frecuentemente e que colga enriba das súas testas como unha espada de Damócles. Por si algo fallara no rol de privilexios cos que o Ministerio de Educación e Cencia distingue e premia o labor dos PNNs tamén lles nega todo dereito a calquer clase de indemnización e non lles ten en conta nin siquiera os chamados dereitos adquiridos por permanencia no posto de traballo.

Como fórmula drástica pra arranxar esta lamentable situación, o Ministerio de Educación non se lle ocorre mellor idea que largar unha serie de decretos que, pola vía das oposicións, non ten outra finalidade que a de acabar cos actuais PNNs. Diante desta crara agresión, os Profesores Non Merenarios responden ca loita contra das vellas oposicións e tentan que o Ministerio acepte que os sectores implicados podan poñer alternativas máis racionais e

xustas que, probando a capacidade pedagóxica dos ensinantes, contribúan a unha mellora na calidade do ensino. E así, pois, á loita contra do actual sistema de oposicións que representa un freno a calquer mellora que se tencione introducir no sistema educativo, hai que engadir a loita pola estabilidade no emprego sometida ao control democrático sobre o seu traballo e no que participen os ensinantes mesmos.

Frente á actitude dos profesores en folga, a postura do Ministerio "da reforma" sigue a ser a mesma dos gobernos máis autoritarios do franquismo, mantendo, como estamos a ver, o sistema tradicional de oposicións, verdadeira fonte de enchufes e de elitismo, e así como dun aprendizaxe memorístico e inactual. Por outra banda, as plazas convocadas non cubren nin a metade dos postos dos profesores eventuais, co que se provoca, de paso, un enfrentamento entre si e se abre un camiño pra que unha boa parte deles queden na rua o próximo ano académico.

Cando o Ministerio ve que o conflito adquire unha xeralización e unhas características graves recorre ás ameazas de perda de emprego e salario. Si as ameazas non consiguen poñer fin ao conflito é cando se acepta negociar e se dan garantías pró novo curso. Isto foi o que ocorreu a nivel de Institutos, onde Galicia resistiu deica o final en folga xeneralizada, volviendo á "normalidade" cando se iniciaron as negociacións.

Na Universidade o conflito segue aberto, aínda que Galicia esteña temporalmente cunha dinámica de compás de espera que non coincide coa actitude de loita levada a cabo noutras universidades do Estado español.

O desenlace tampouco ha de ser esta vez a solución definitiva dos problemas dos PNNs, xa que a loita dos traballadores do ensino foi, de novo, unha loita de autodefensa.

A loita dos traballadores do ensino pola estabilidade no emprego, non pode separarse da loita por un ensino científico e democrático, que na nación galega, ten de ser tamén un ensino adaptado á realidade do propio país, ou se xa, un ensino en galego e pra Galicia.

O p.s.g. en Cangas

O Conflicto da Massó

No cadro corrente das industrias - conserveiras, onde se da a cotío unha super-esplotación, con salarios moi -- baixos e xornadas laborais de hastra -- once ou catorce horas, MASSO é ben coñecida a causa do espírito paternalista que caracteriza á Empresa.

No vran pasado presentóuselle á Empresa unha plataforma reivindicativa, -- que viña sostida principalmente polas Comisións Obreiras, e cuíos puntos -- principais eran: aumento lineal de -- 8.000 pts; cuarenta horas de traballo -- á semán; paso inmediato de todo o per-- soal á categoría de fixo ou fixo dis-- contínuo e outras, referentes a guarderías infantís, pluses, etc.

Os verticalistas deron un apoio ás ditas reivindicacións, pero sin comprometérense en ningunha loita concreta.

A primeiros deste ano, novamente -- os verticalistas lembráronse da plataforma reivindicativa, nun intento de acadaren certa popularidade en tempos de transformación da estrutura sindical. -- É así que, coa axuda de xente ligada -- ou influída polo S.I.P. (Sindicato Independiente de la Pesca), xermolo de -- sindicato un tanto amarelo, lanza a -- reivindicación dun aumento lineal de -- 5.000 pts. pra todo o sector. Esta vez apoia a reclamación con algo en concreto: a proposta de plantar as horas extras e porse a baixo rendimento.

Os obreiros souperon recoller a -- plataforma reivindicativa e ampliar a dinámica esbozada polos verticalistas. Nefeuto, aprobóuse iniciar a loita, en assemblea celebrada a principios de febreiros. Pero o importante foi que os traballadores máis concenciados introducion unha filosofía do conflito, -- facéndoo pivotar sobor da participación aitiva, ao traveso de Assembleas, piquetes de información á fábrica de Bueu, etc.

En poucos días quedóu demostrada a inoperancia dos verticalistas.

A partires dese intre, comenza a -- loitarse conxuntamente cos compañeiros de Bueu -- elíxese en Assembleia un Comité de Representantes das dúas fábricas que leva en adiante a xestión da crise.

Este Comité edita follas informativas, móvese pra obtención do seguro de desemprego prás traballadoras fixas -- discontinúas que a Empresa licenciara -- e asegura a celebración regular das -- assembleas que, como dito, xa sempre se rán conxuntas.

Despois dun mes de conflito (prácticamente sin esquirols), as cinco empresas máis importantes da zona presiónaron ao Sindicato pra que se amañara un contacto directo cos verdadeiros representantes dos traballadores.

A negociación levóuse coa máisima esixencia e utilizando a presa dos empresarios por poñer cunto á situación, pero tamén vixilando ciosamente que -- non se crebara a unidade dos traballadores.

O acordo conquistado finalmente comprende: 5.000 pts. de aumento lineal, -- divididas en 3.000 no salario e 2.000 -- no plus de asistencia (os empresarios pretendían que o aumento fora en parte lineal e, en parte, porcentual); pagas extras e horas aumentadas sobor da base de 4.000 pts. e unha gratificación retroactiva de 4.000 pts. correspondente aos días traballados en xaneiro.

Pra rematar, os elementos fundamentais pra un análise e balance do conflito poderían ser:

A victoria dos traballadores ba --



seouse en:

1) A política de esperar a que o Xurado de Empresa demostrara diante dos traballadores a súa inoperancia.

2) A capacidade de auto-organización, a partir da elección do Comité -- Conxunto de representantes de Cangas e Bueu.

3) A regularidade da saída das follas informativas e da celebración das Asambleas.

4) O acerto fundamental do Comité de provocar o acordo no intre oportuno sin onubilarse pola formulación literaria da consiña das 5.000 pts., que deservía levada intransixentemente -- como -- pretendían algúns seitores -- podía levar a un calexón sin saída mediante acreba da unidade.

O P.S.G. estivo á cabeza da loita en todo intre e foi a única organización política que, ademais da eficaz -- laboura persoal realizada, apoiou aos traballadores con propaganda escrita.

CANGAS DO MORRAZO, MARZAL DE 1.977



A FOLGA ven da pax 10

Mais un ensino galego, democrático e científico require como condición indispensable a existencia dun Estado democrático e a institucionalización dun poder galego. Neste intre, entón, á espera de tempos mellores, non se lle pode pedir moito máis aos traballadores do ensino que a defensa dos seus intereses colectivos como traballadores fronte da agresión da Administración. A transformación da sociedade compete a todo o pobo traballador, e ós ensinantes como parte do mesmo.

A case totalidade dos mariñeiros de baixura da zona de Ribadeo, de gran actividade pesqueira da que viven numerosas familias, mostra o seu fondo descontento e a súa lóxica inqueda fronte da situación grave que están a plantexar tanto armadores como cacís - que sin escrúpulos cas suas "bacas" de pesca "arrastreiras".

Os traballadores do mar daquela area pesqueira dánse conta da necesidade dun Sindicato Galego que defenda directamente os intereses dos mariñeiros.

...

Na vila de Ribadeo tivo lugar a presentación por un grupo de xónenes, socialistas e nacionalistas revolucionarios alí residentes, das Mocidades do Partido Socialista Galego.



...

Os veciños de Santa María de Leiro (Cervo) decidíronse a permanecer día e noite no Monte Veciñal Costa / do Lieiro pra protexer os seus dereitos comunales fronte a lidenzia concedida polo Concello de Cervo pra // que sexa explotado por un particular como canteira.

A concesión espedida a nome do señor Crego Arroyo, empregado do Banco Pastor de Burela, (vexase eiquí tamen como non podía deixar de andar polo medio un grupo de capital que tanto se leva distinguido polo seu comportamento no agro galego), asoballa os dereitos dos veciños reconecidos documentalmentexa no 4 de santos do 1935 e, dempoís, no 1948, sendolles novamente reconecidos estes dereitos no 1973 por resolución municipal que se opuña a autorizar a construción dunha casa familiar nese monte porque "era un monte veciñal en mans comúns".

En qué tipo de lei se poden xustificar estes constantes atracos?



Oitos partidos políticos ó traveso dos seus representantes en Ourense manifestaron nunha roda de prensa a súa intención de solicitar a dimisión do Gobernador Civil daquela provincia, señores Blanco Gutiérrez. A determinación tomouse en relación coa prohibición, por parte daquel goberno civil, da celebración dun mitín sobor da necesidade de de legalización de tódolos partidos políticos. A esta prohibición súmanse toda unha chea de anteriores negativas de autorizacións de actos políticos da oposición que deixan moi claro cal é a democracia que vai presidir as próximas eleccións.

Estiveron presentes na roda de prensa o PSOE, PSPG, PCaG, PTE, MCG, PCG, LCR e PSG.

O representante do Partido Socialista Galego dixo que "pensamos que a prohibición do Gobernador Civil non é un acto persoal, senón que ven responder a unha política discriminatoria de partidos políticos... Negamonos a que sexa o goberno quén tome unha decisión / de tipo político, xa que consideramos / que non está demostrando o menor talento democrático, e por eso dudamos que / poidan ser realizadas unha eleccións



POR UN SOCIALISMO GALEGO

lé i espalla

GALICIA SOCIALISTA

VOCEIRO DO
PARTIDO
SOCIALISTA
GALEGO

PSG 77
CONGRESO



federalista

pola alianza

AS ENCROBAS ...

15

(ven da última páxina)

del mismo, mediante el traslado de las familias afectadas, que voluntariamente lo soliciten, a las zonas de riego en las que el Instituto de Arreglos su actividad o a las fincas que / al efecto adquiriera por compra voluntaria o por expropiación forzosa, conforme a las normas que regulan la actuación de este Organismo, en los casos / de expropiación por razones de interés social".

Como sempre ocorre, cando atopamos algún artigo medianamente civilizado na lexislación triunfalista, logo se lle recorta o seu contido cunha chea de esixencias burocráticas, de prazos e de condicionamentos que soio cunha vixiante asesoría xurídica -non sempre ó noso alcanzo nos primeiros intentos- pode acadar unha remota posibilidade de éxito a defensa dos nosos intereses.

Pesía todo, o xeito de proceder -xa de entrada- por parte das empresas, fomentadas ou protexidas pola dictadura franquista e os seus continuadores semiconversos, basease na inmediata ocupación dos terreos pola vía rápida da forza, en tanto propón como indemnización o "inxustiprecio" que máis lles convén a un fin unicamente de "interés social" praos accionistas desas sociedades xa cada día menos anónimas e máis ó descubierto.

A tradicional impunidade destes / actos de poder, apoiados nunha lexislación antidemocrática, atópanse agora coa resistencia dun pobo canso de aguantar espoliacións e de soportar miserias pra proveito exclusivo dunha minoría opresora que, aínda pra maior / aldraxe, manipulan os seus dividendos lonxe de Galicia.

As Encrobas, hoxe, é unha decidida resposta ao asoballamento que o noso país ven sufrindo de parte dun goberno centralista que intenta soste-la artificialmente, e aínda, "a unidade entre os homes e as terras" como soporte necesario a un montaxe do capital, ao longo e ao ancho de todo o Estado español, que refuga calquer limitación á súa libre expansión e ao seu control sobor da forza de traballo.

As Encrobas, hoxe, é un berro fronte de tanta mentira e de tanta manipulación dos intereses populares, un berro que se repite alí onde se quer argallar un novo crime social, un berro

que se suma a outros berros hasta se convertirá nun forte cromo popular e nunha rexa conciencia de defensa nacional. A xente nas ruas das cidades de Galicia manifestando a súa indignación baixo a represión brutal que fala de democracia a paus, os veciños ao pe das



suas terras protexendoas nun acto desesperado de supervivencia, e eses mortos que, de cando en cando, nos entregan a memoria da súa resistencia como ese rapaz -Emilio Suarez Valdés, a quen saudamos revolucionariamente electrocutado, ao ir poñer unha pancarta, pola negligencia que a propia FENOSA pón no coidado das súas instalacións, son unha mostra heroica da loita dos galegos por defender a súa patria lexítima.

Que ningún pretenda, entón, pra achar os seus noxentos intereses particulares, dicir que os sucesos das Encrobas son o resultado de calquer excitación política. Que se pregunten primeiro que é o que se queñan facer coas Encrobas, que é o que queren facer con Galicia, e daquela comprobarán que non pode haber outra resposta: A NOSA TERRA E NOSA.

Antón de Senara

AS ENCROBAS: A LOITA POLA TERRA

Por razóns de "interés social", o capitalismo que ven actuando en Galicia como si a nosa patria fose un ha terra de ninguén, afincou a súa 7 poua xenerosa tamén no val das Encrobas.

A experiencia que o noso pobo ten diante desta crase tan particular de desenrolo xa non soio é por demais abondosa, senón mesmo dramática: Castrelo de Miño, Lourizán, As Neves, Ponteceso, Xove, etc, e tantos outros nomes que, a cada pouco, se engaden sobor do mapa da traxedia colectiva / que o noso país está a padecer baixo dunha colonización industrial, non por serodía menos irracional, dan proba firme de cales son as intención 7 do capital fronte das crases traballadoras e de cal é o seu labor renditor e protecciónista diante dos intereses populares.

Foi preciso que toda a Galicia non "entregada" se puñera en pé de protesta, que os medios de comunicación -mesmo os estranxeiros- viñeran dar testemuña do crime social que se tencionaba cometer agora tamén nas Encrobas, pra que o grupo de capital FENOSA, que nesta bisbarra actúa como Lignitos de Meirama SA, se decatase da comenencia de ter en conta as lexítimas pretensións dos labregos que se guramente veñen traballando aquelas terras de país a fillos como único medio de supervivencia.

Como noutras ocasións, o capitalismo monopolista tentou de aplicar con todo o seu rigor a dureza dunhas leises de espropiaación -feitas

á medida da rapiña da oligarquía do minadora- e sin poñer en práctica 7 máis que na súa mínima expresión ese ánimo literariamente compensatorio co que a propia norma se quere cubrir "moralmente" diante da sociedade a que somete e que se pon de manifesto no artigo segundo do decreto-lei do 21 de xaneiro do 1955 cando di que: "...el Instituto Nacional de Colonización (por ser dabondo / significativa a denominación de dito organismo foille mudada posteriormente), teniendo en cuenta los datos que figuran en la relación y cuantos puedan proporcionarse en los informes que al efecto solicite, estudiará el problema social que a su vez se planteará así como la posible solución

